



Información variada



25 de NOVEMBRO, DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

O Rosal tinguése de morado con motivo do Día Internacional contra a violencia de xénero.

O concello do Rosal un ano máis se implica coas vítimas de violencia. Na súa loita contra esta lacra, este ano implicamos ao colectivo de profesores e profesoras que traballa coa mocidade da nosa localidade. O profesorado do CPI Manuel Suárez Marquier e do CRA María Zambrano colabora uníndose á nosa campaña municipal **EU TOMO PARTIDO, E TI?** Este ano 2016 o concello repartirá **carteis da campaña entre os establecementos e comercios** do concello, así como a **pegatina do bo trato**

No Rosal rexeitamos a violencia de xénero, e ti? que tan boa acolleita tivo en anos anteriores entre as empresas do Rosal.

O propio 25 de novembro, venres estará exposto no baixo do concello un **panel de firmas** onde os veciños e veciñas que o desexen poden asinar contra a violencia e deixar constancia do seu rexeitamento a estes feitos.

Así mesmo repartiremos **centos de mans moradas co lema ¡Non máis violencia de xénero!** o sábado 26 na entrada do auditorio, onde se lerá o **manifesto en contra da violencia** e representarse a **obra de teatro "MARUXIÑA BAILONA" ás 20.00 horas no Auditorio Municipal.**

PUNTO LIMPO

Recordamos aos veciños que poden levar todo o lixo que non debe depositarse nos contenedores de recollida selectiva, tales como electrodomésticos, mobles, radiografías, bombillas, etc.... ao PUNTO LIMPO. Aberto os martes e xoves de 15.00 a 18.00 h e os sábados de 10.00 a 13.00 h.

MAQUINARIA DE SULFATAR

Recordamos a todos os propietarios de maquinaria de sulfatar de máis de 100 litros inscritos no R.O.M.A. están obrigados a pasar a itv antes do 26 de novembro.

Unha itv móbil virá o 21 e 22 de novembro O Rosal a facer as revisións

Os interesados pasade polo concello para máis información e para pedir a cita ou chamade ó 986625000.



VESPA ASIÁTICA

Con motivo da problemática da vespa asiática, varios vecinos de Sanxián, organizan unha batida para atopar nidos de vespa asiática. Por iso faen un chamamento a todas aquelas persoas que de xeito voluntario se ofrezan a axudalos que se presenten o día 19 de novembro ás 16.00 na Praza de Sanxián. Os voluntarios serán agasallados cun bote de mel.



TENIS NA RÚA

O vindeiro día 20 de novembro de 11:00 a 13:00 terá lugar na Praza do Calvario unha xornada de tenis na rúa para dar a coñecer a Escola de Tenis do Rosal que leva funcionando xa seis anos. Poderán participar todas as persoas que o desexen sen límite de idade. Ven e participa con nós.

Servizo de Información Xuvenil e ASC

Como consecuencia da elevada demanda de cursos de cociña no Rosal, informámosvos que este ano fixemos varias edicións do **CURSO PANADERIA E BOLERIA** e que continuaremos facéndoos en canto teñamos grupos completos.

Organizaremos o curso de PANADERIA E BOLERIA 1 e o de PANADERIA E BOLERIA 2. Os contidos dos cursos son os que seguen:

1.- Rosca de xema, bica, pan de millo, pan de sementes, focaccia, pizza, ensaimadas, bretzls, etc. (Entrade no Facebook Omix do Rosal e alí podedes ver as cousas que xa se fixeron).

2.- Pan de molde, pan de cabaza, pan de remolacha, pan de espelta, pan galego, empanada de millo, chapata, masas de bolería, brioche, masa savaria, ...etc.

Os cursos realizaranse un día da semana de 19.00 a 22.00 cunha duración total de 15h. Prezo 35€/curso material incluído. Realizarase na cociña municipal situada fronte ó pavillón municipal na rúa Simón del Mazo.

CURSO de COCIÑA VERDE

Este ano realizamos un curso de cociña verde onde se fixeron ensaladas variadas, aliños diferentes, parrilladas vexetais, etc. enfocado ós meses de verán. Agora imos facer un curso de cociña verde onde se potencia a utilización dos vexetais na cociña organizando menús máis indicados para o inverno. O contido deste curso será:

Sopas e cremas; allos porros e améndoas, sopa de picadillo, sopa de fiúncho,

Arroces e pasta fresca: abanda, risoto de trigueros, arroz negro de boletos, pasta con algas e ceboleto.

Potaxes e pucheiros; pucheiro de calabaza, falsas patatas riojanas, meloso de habas.

E outras cousas que xurdan durante a realización do mesmo.

O curso realizarase un día da semana de 19.00 a 21.30 cunha duración total de 15h. Prezo 35€/curso material incluído. Realizarase na cociña municipal situada fronte ó pavillón municipal.

CURSOS DE CONSERVAS, MERMELADAS E LICORES

Neste cursiño aprenderedes a facer **mermeladas** para acompañar carnes ou peixes (mermelada de alcachofa, calabacín, pepino, cebola, pemento verde...) así como a mermelada clásica de fresa, melocotón, etc.

Membrillos de mazán, peladillos, pera, limón, laranxa, tomate, etc.

Licores de calquera froita e froitos secos.

Conservas de salsa de tomate, tomate ó natural, xudías, cenoiras, castañas, pementos, atún, peixe espada, etc.

Conservas en almíbar como mirabeis, pera, melocotón cereixa, etc.

Conservas en viño

A realización das diferentes conservas virá condicionada polas froitas, verduras e resto de ingredientes de tempada.

O curso realizarase un día da semana cunha duración de 2 horas cada sesión. O prezo será de 10€/mes e os gastos do material empregado e ingredientes se financiará semanalmente entre os alumnos se queren levar para casa cada un deles unha mostra do que se fae. O horario establecerase en función da demanda dos participantes.

CURSOS DE MANUALIDADES E RESTAURACIÓN

Curso que versará fundamentalmente na **restauración** de mobles, tapizado, obxectos de ferro antigos (planchas, máquinas de coser...), figuras, etc. e en **manualidades** utilizando diferentes técnicas de pintura en obxectos e tecidos, envellecemento de mobles, etc.

O curso realizarase un día da semana cunha duración de 2 horas cada sesión. O prezo será de 15€/mes. O horario establecerase en función da demanda dos participantes.

CURSOS DE CUADROS TRIDIMENSIONAIS

Este cursiño ensinaravos a realizar cuadros en tres dimensións ensinándovos a técnica para moldear, pegar e vernizar os cuadros.

O curso realizarase un día da semana cunha duración de 2 horas cada sesión. O prezo será de 15€/mes e o horario establecerase en función da demanda dos participantes.

ESTIMULACIÓN COGNITIVA PARA PERSOAS CON ALZHEIMER

Obradoiro para persoas con alzheimer en fase leve e/ou moderada na que se traballarán diferentes aspectos relacionados ca estimulación cognitiva e ca vida diaria co fin de tratar o deterioro de determinadas capacidades na fase inicial da enfermidade.

Realizarase un ou dous días á semana pola mañán no centro social en grupos moi reducidos.

CURSOS DE INFORMÁTICA. Alfabetización e informática básica se aínda non sabes manexar o ordenador ou tes uns coñecementos moi básicos este é o momento de anotarte. O outro curso será para aprenderá a manexarte en internet; búsqueda de hotéis, cita médica, resultados deportivos, etc. Os cursos realizanse os luns e mércores de 10.00 a 11.30 horas. (10horas) e o prezo será de 10€/curso.

ACTIVIDADES DE ENVELLECIMIENTO ACTIVO para o BENESTAR SOCIOAFECTIVO dos maiores do ROSAL

No Concello do Rosal podemos atopar diferentes actividades dirixidas ás persoas maiores, pero este ano queremos ir un pouco máis alá coa seguinte proposta. Na abordaxe integral da prevención e envellecemento activo podemos traballar varias áreas e dado que tanto a física e a cognitiva xa están cubertas (a través de diferentes asociacións organizanse obradoiros de memoria, zumba, ...para maiores) imos a comezar a traballar outras áreas como:



Competencias para a vida autónoma: achegar as novas tecnoloxías para cousas prácticas do día a día e para conectar cos amigos/familia (teléfonos, tablets, internet...); xestións administrativas básicas (bancos, relación coa administración, impostos...); consumo racional doméstico; hábitos saudables na idade adulta; prevención de accidentes domésticos; mellora da propia seguridade (fraudes, roubos); coñecemento dos recursos comunitarios dos que poden facer uso, etc.

Esparcimento e creatividade: organizaremos actividades de adestramento da destreza, habilidade e precisión manual, coordinación óculo—manual, manexo e utilización de diversos materiais e ferramentas, psicomotricidade fina e grosa a través de actividades artísticas e decorativas.

Socio-relacional: tratando de fomentar os lazos e vínculos sociais entre os veceños e seu entorno. Na sociedade actual, na que cada vez máis persoas viven soas faise preciso conectar dalgún xeito e faremos organizando roteiros, tertulias, facendo saídas a exposicións,...

En definitiva, imos a por en marcha unha actividade que traballe todas as áreas que acabamos de mencionar e que serán realizadas a través de persoal de COGAMI. Esta institución enviará a persoas preparadas para traballar en cada unha das áreas hacia un envellecemento activo da nosa poboación rosaleira.

Así pois a partir de xaneiro, un día da semana pola tarde, organizaremos actividades variadas como por exemplo ensinar a coller unha cita do médico por internet, calceta ou costura, explicarannos como evitar accidentes domésticos, realizaremos saídas, etc. A idea é realizar diferentes actividades cara a o envellecemento activo da nosa poboación organizando actividades variadas un día cada semana.



Esta iniciativa parte do Concello do Rosal co obxectivo de potenciar a creación artística no noso concello e de invitar a tódalas persoas a desfrutar da arte en diferentes espazos abertos do Rosal.

COMO PARTICIPAR: Un dos propósitos do proxecto é fomentar a expresión artística na nosa poboación, e para tal fin quere buscar a implicación da propia veciñanza. Vos propios veciños e veciñas son as persoas máis próximas e que mellor coñecen os seus lugares, por iso a colaboración é fundamental. Xente nova, persoas maiores, mulleres, homes, grupos, colectivos, todas as ideas son benvidas. Só fai falta que nos achegues a túa aportación e entre todos poderemos buscar ou xeito de levalo a cabo.

- Por unha banda **buscamos paredes e muros:** se queres cedernos unha parede para pintar un mural, sabes dun bo lugar non teu barrio, ou pensas que quedaría ben decorar algunha zona de paso, coméntanos a túa idea ou fainos chegar a túa achega.

- Se eres unha **persoa creativa e con iniciativa artística,** e cres que poderías deseñar un boceto para levalo a cabo nun muro do teu barrio, adiante, ponche en contacto connosco e buscaremos o xeito de levalo a cabo.

- Se non tes moita idea de pintar ou debuxar, pero queres **pasar un bo intre en familia** ou entre amigos. Ponche en contacto e buscaremos a maneira de que colabores pintando nun mural.

TEMÁTICA: O Concello do Rosal, ten unha forte vinculación ca terra, polo que podemos partir como fío condutor con 3 temas: **cultura do viño, as hortalizas e as rosas.**

IDEAS: Todos os deseños, ideas e **todas as propostas serán benvidas** e valoraranse segundo a viabilidade do proxecto e a coherencia coa temática.

LUGARES DE INTERESE: Muros, paredes, columnas, espazos que pola súa situación podan ser pintados para embelecer as **principais zonas de paso** nos diferentes barrios do concello.

REALIZACIÓN: Tendo en conta a climatoloxía do Rosal, **durante uns meses recolleremos as ideas** principais e aportacións dos seus veciños e veciñas para darlle forma e poder levar a cabo os deseños a partir do mes de marzo. Se queres aportar a túa idea, participar no proxecto ou cedernos a túa parede...**CHAMA AO TELÉFONO 986 62 50 00 Ou escribenos un correo electrónico a esta dirección: educacionfamiliar@concellodorosal.es**

Concellería de Cultura

PROGRAMACIÓN CULTURAL NOVIEMBRE-DECEMBRO 2015

NOVIEMBRE

- DÍA 5: O GRUPO DE TEATRO DE CASTRO BARREIRO de Salceda de Caselas presenta a obra
“OS TRES GRANDES SINVERGONZAS”
Auditorio Municipal ás 21 h
- DÍA 8: Presentación do libro: **MANUAL DE ESCOLA**, de XOSÉ TOMÁS,
Ilustrador e profesor de inglés do CPI Manuel S. Marquier
Auditorio Municipal ás 19:30 h
- DÍA 9: Obradoiro teórico-práctico sobre **MEDITACIÓN E INTELIXENCIA EMOCIONAL**,
a cargo de la Dra. D^a Irene Pérez
Auditorio Municipal ás 20 h
Entrada libre (duración aproximada: 1 hora)
- DÍA 11: FESTA LOCAL SAN MARTIÑO
Orquestra **MARIMBA** a partir das 21 h
Praza do Calvario
- DÍA 20: FESTIVAL DE ACORDEÓNS en honor a **SANTA ICÍA**
organizado polo GRUPO MASCARENHAS da Guarda
Auditorio Municipal ás 18 h
- DÍA 26: O GRUPO DE TEATRO “OS MELLORES DO GHRUPO” de Santa M^a de Oia
presenta a obra
“MARUXIÑA BAILONA”
Con motivo do DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO
Entrada: 1kg de alimento non perecedero a beneficio de SOS TOMIÑO, colaboradora cos
Servizos Sociais do Rosal.
Auditorio Municipal ás 20 h
- DÍA 27: O GRUPO DE CINE SANROQUIÑO de Goián presenta a film longametraxe
“ANRIQUITO” (elenco goiánés)
Entrada solidaria: 1 kg de alimento non perecedero a beneficio de CONRAZONES
Auditorio municipal ás 18 h

DECEMBRO

- DÍA 3: CONCERTO DA BANDA DE MÚSICA da Agrupación Musical do Rosal
en honor a **SANTA ICÍA**
Auditorio Municipal ás 20:30 h
- DÍA 4 : ESPECTÁCULO CÓMICO-MUSICAL FAMILIAR **“7SEVENT EL NÚMERO MÁXICO”**
Auditorio Municipal ás 17 h
PREZO DA ENTRADA: 10 € (8 € con invitación)
- DÍA 10: **FESTIVAL DE BAILE DE NADAL DA ESCOLA DE BAILE “MARCANDO PASOS”**
Auditorio Municipal ás 18 h
- DÍA 11: **FESTIVAL DE BANDAS DE MÚSICA**
Agrupación Musical do Rosal e Agrupación Musical de Vincios
Auditorio Municipal ás 12 h
- DÍA 17: **CONCERTO DE CORAIS DE NADAL** organizado polo CORO ECOS DO FOLÓN
Auditorio Municipal ás 18 h
- DÍA 18:
ANDAINA SERRA DO GALIÑEIRO (Gondomar-Vigo) Saída da Praza do Calvario ás 9.00. Chegada ás 14.00.
Dificultade media.
CONCERTO DE NADAL da Agrupación Musical do Rosal
Auditorio Municipal (hora pendente de confirmar)
- DÍA 22 y 23: **AUDICIÓNS** de ALUMNOS da ESCOLA DE MÚSICA da Agrupación Musical do Rosal
Auditorio Municipal ás 20 e 20:30 h respectivamente
- DÍA 26: **OBRADOIRO DE MARIONETAS CON LUYA**, de 11 a 13 h (15 prazas)
OBRADOIRO DE MÁSCARAS, de 17 a 18:30 h (15 prazas)
Para nenos e nenas de 5 a 12 anos (preciso inscribirse na OMIX do Concello)